



BATERÍA VIRTUAL de XENERA



Que é a nosa Bateria Virtual?

É un servizo que ofrecemos aos **nosos clientes de autoconsumo** de enerxía. **Funciona como unha hucha**, que almacena en euros toda a enerxía que producen as túas placas e que, pola normativa actual, non se podería compensar nas facturas de luz sen ter batería.

Así consigues sacar o máximo partido á túa instalación de placas solares. Sen desperdiciar ou regalar nin un kWh!

No momento de compensar os excedentes almacenados na batería virtual, non só compensamos o termo de enerxía, senón todos os conceptos da factura. Con iso, **as facturas poden chegar a ser de cero euros!**

O importe final da factura non pode ser negativo. Existe un **programa de Puntos XENIOS**, ao que poden acollerse os clientes que dispoñan de saldo na batería virtual, entre outros.

Cando se compensan os excedentes gardados na Bateria Virtual?

Descontamos todo o importe que teñas gardado na túa batería virtual **na factura de luz inmediatamente posterior** a unha na que teñas excedentes non compensables almacenados.

Por exemplo, se nunha factura do mes de febreiro acumulas na túa batería virtual excedentes non compensables, na seguinte factura (do mes de marzo) xa che descontamos o importe correspondente. Así de rápido para que notes os beneficios da batería virtual canto antes e con frecuencia!



Así é a nosa filosofía de
A Vaquiña polo Que Vale!

Requisitos para contratar a Bateria Virtual

- ✓ Ter un contrato de luz con XENERA.
- ✓ Ter unha instalación de autoconsumo acollida a compensación simplificada no punto de subministración que se vincula á batería virtual.

A que prezo se compensan os excedentes?

A enerxía a compensar pagámoscha a **prezo OMIE*** e **descontamos só 0,0004 €/kWh**, que é o que custa xestionar a enerxía excedentaria.

*Ver detalle nas [Condicións Xerais de Autoconsumo](#).

Facturación dun autoconsumo individual con compensación simplificada

Imos ver un exemplo de como se facturarían 3 horas. Para un caso normal realizase o mesmo proceso para todas as horas que haxa entre as datas de peche de lectura.

Nos autoconsumos individuais con compensación simplificada **calcúlase o saldo neto da enerxía que pasa polo contador (Entrante – Saínte)** hora a hora.

| | Entrante | Saínte | Saldo horario |
|----------------|----------|--------|---------------|
| Consumo hora 1 | 200 | 100 | 100 |
| Consumo hora 2 | 500 | 800 | -300 |
| Consumo hora 3 | 300 | 300 | 0 |
| Lectura final | 1000 | 1200 | |

Que se factura neste exemplo?

Enerxía consumida de rede: 100 kWh x prezo mercados: 100 kWh x 0,154329 € = 15,43 €

Enerxía excedentaria: 300 kWh x prezo enerxía excedentaria: 300 kWh x -0,125648 € = -37,69 €

Enerxía non compensable (gárdase na batería virtual): 37,69 € - 15,43 € = 22,26 €

Por normativa non se pode compensar na propia factura. Por iso se almacena na batería virtual.

Ten algún custo a Bateria Virtual?

Non, é **completamente gratuito**. Nós encargámonos de todo. Ademais, **non ten permanencia**, polo que podes dala de baixa sen custo cando queiras.

Tes dúbidas sobre a nosa Bateria Virtual?

Chama ao noso teléfono **886 660 616** ou envíanos un e-mail a autoconsumo@xenera.com